

# Día Internacional da Muller e da Nena na Ciencia

11 de febreiro ▶ Pontevedra

- 12,30 horas. Pazo da Cultura de Pontevedra (Alexandre Bóveda, s/n)  
*Encontro de Begoña Vila con estudantes de Primaria e Secundaria  
(Acto aberto ao público)*

Astrofísica galega especializada no estudo de galaxias espirais. Enxeñeira de sistemas no Centro de voo espacial Goddard da NASA, ao cargo do control do telescopio espacial James Webb -sucesor do Hubble- para a toma de imaxes. Condecorada pola NASA coa medalla Exceptional Public Achievement polo desenvolvemento do sensor do James Webb. Premio María Josefa Wonenburger 2017.

- 20,00 horas. Casa das Campás (Don Filiberto, 9)  
*Mesa Redonda: Muller e Ciencia (Aberta ao público)*

Con:

**Alicia Estévez Toranzo:** Catedrática de Microbioloxía e directora do Grupo de Patoloxía en Acuicultura da USC. Premio María Josefa Wonenburger 2018 e vicepresidenta da Real Academia Galega de Ciencias. Membro da Unidade Muller e Ciencia da Xunta.

**Vanessa Valdiglesias García:** Doutora en Bioloxía e investigadora no laboratorio de Toxicoloxía da Universidade da Coruña. Premio á Mellor Investigadora Moza de Europa 2015 pola Sociedade Europea de Xenómica e Mutaxénesis Ambiental e Galega Destacada 2015.

**Elena Vázquez Cendón:** Decana da Facultade de Matemáticas da USC dende 2015. Profesora titular de Matemática Aplicada. Investigadora adscrita ao Instituto Tecnolóxico de Matemática Industrial (ITMATI) e membro do plenario do Consello da Cultura Galega.

**Isabel Pastoriza Santos:** Doutora en Químicas pola Universidade de Vigo. Coordinadora do Grupo de Química Coloidal do Departamento de Química-Física da UVigo. Premio L'Oréal-UNESCO Polas mulleres na ciencia, ano 2011.



CONCELLO DE  
PONTEVEDRA

**GCiencia**  
xornalismo+divulgación